Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 139. Agosto 2017. Distribución gratuíta

Arrancan os traballos na A-54 no tramo entre Melide e Palas

A finais de xullo comezaron os traballos da Autovía A-54 no tramo que vai unir as localidades de Melide e Palas de Rei. O Ministerio de Fomento inviste neste treito 82 millóns de euros e prevé ter en obras ao longo do 2017 todos os tramos pendentes da autovía entre Lugo e Santiago. Ao acto de inauguración acudiron o minsitro de Fomento, o presidente da Xunta de Galicia e a alcaldesa de Melide entre outras autoridades. P9

O proxecto da biomasa en Melide pasa aos xulgados

O Concello decidiu anular a licenza de obra tras detectar posibles indicios de falsidade documental. A oposición esixe que se depuren responsabilidades políticas. P5

San Roque'17: Melide entre as mellores festas de Galicia

San Roque 2016 (Foto: Concello de Melide)

Un programa para dez días de festa que conta con Heredeiros e Baute como estrelas de cartel, sitúan ao San Roque entre o mellor do panorama festivo galego. P10

EMPRESA
O Mercamelide de verán celebraráse o 26 e 27 de agosto P3

COMARCA
O Concello de Toques lembra a obriga de cumprir a Lei de Montes P13

CULTURA
Éxito de público e participación no III Festival de Habaneras en Melide P21

ENTREVISTA

Jonathan Río, Melicar P23

Editorial

Sanidade pública e de calidade

Cada verán repítese a misma escena: chega o mes de agosto e péchanse plantas de hospitais, faltan camas e non se substitúen os facultativos nalgúns centros de saúde. A problemática aumenta se miramos ao rural, onde se fai máis necesaria se cabe a presenza dun médico (a maior parte da poboación rural pertence á terceira idade). E por se fose pouco, agora coñecemos que a partir do mes de novembro os médicos galegos comezarán unha folga. O colectivo está en todo o seu dereito, pois esixen que se negocie a súa carreira profesional, estancada por mor da crise, para poder recuperar os acordos retributivos suspendidos hai sete anos. Mais lonxe de dar cunha solución, dende o Sergas din que non contan co "respaldo económico suficiente" para recuperar os niveis salariais anteriores á crise. E dende a Xunta..., dende a Xunta fan recomendacións aos maiores para que o custo da atención sociosanitaria non sexa tan elevado. "Hai que facer exercicio", din. E é que segundo os prognósticos da administración autonómica, cada ano que pase aumentará o custo da sanidade nuns 100 millóns de euros. Con todo isto chama considerablemente a atención que non se dedique unha partida maior á sanidade (ainda que para cregos dentro do Sergas si hai fondos), sabendo que por exemplo para o 2030, o 56% dos maiores de 65 anos terá dependencia, ou que sete de cada dez maiores de 75 anos necesitarán axuda doutra persoa para realizar actividades diarias. A todo isto súmase a privatización dalgúns servizos sanitarios. E ante isto a pregunta é: cara onde camiñamos? Non se trata de pensar mal, pero atando cabos podemos chegar a pensar que a intención é a de acabar cun sistema cada vez menos rendible para as arcas dos gobernos como é a sanidade pública, e á súa vez, retroceder anos atrás onde só os ricos tiñan acceso a unha sanidade de calidade.

Tribuna de opinión

Arde... a biomasa

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

A estas alturas poucos cuestionan que o cambio climático sexa unha realidade. Os recursos naturais esgótanse e cada vez faise máis necesario o emprego e fomento das enerxías renovables. Pero cando detrás dun proxecto aparentemente beneficioso para todos, e para o medio ambiente, hai intereses pouco claros, as dúbidas éntrannos a todos. Que un Concello como o de Melide non soubese xestionar a implantación dunha rede de calor por biomasa é, cando menos, estraño. E máis se nos cinguimos a cuestións puramente técnicas para as que se sobreentende que o Concello dispón de profesionais máis que cualificados. Concedeuse unha licenza en tempo récord, comezaron as obras sen verificarse a documentación, e comezaron nun lugar onde non estaban proxectadas. Todo isto ante a pasividade dun equipo de goberno que, ante o balbordo que comezou a oírse por parte dalgúns veciños, decidiu recuar e suspender a licenza de obra que eles mesmos outorgaron. Fálase agora de termos como "falsidade documental" e "indicios de delito". Xa se verá en que acaba todo, pero do que xa estamos seguros é de que algo non se fixo ben. Detrás de todo hai unha cuantiosa subvención, e o que debería haber son os intereses dos veciños.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira Veiras
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Iván G. Blanco, David Barrio
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....2
-EMPRESA.....3
-MELIDE.....9
-COMARCA.....13
-CULTURA E LECER.....18
-COLABORACIÓNS.....22
-ENTREVISTA.....23

O Mercamelide de verán celebraráse os vindeiros 26 e 27 de agosto

Ao Mercamelide de verán acode un número elevado de público buscando as mellores ofertas

A feira de oportunidades do comercio de Melide, Mercamelide, celebrará a súa vixésima edición os vindeiros 26 e 27 de agosto no Palacio de Congresos e Exposicións da vila. Mercamelide chega así a súa edición número vinte como unha das mellores oportunidades para facer un bo negocio en base á boa calidade e prezo reducido, dúas características definitorias desta feira de saldos xa consolidada no calendario comercial da vila.

Preto de vinte establecementos

A edición de verán, que este ano contará coa participación de preto dunha vintena de establecementos, a maioría socios de Asetem, adoita celebrarse no mes de agosto para que os comercios poidan vender os seus excedentes de temporada.

Cambios no horario

En canto aos horarios esta será a primeira edición na que se realizará un horario partido. O sábado abriránse as portas ás dez da mañá ata as tres da tarde, e de cinco da tarde a dez da noite. Pola súa banda, o domingo o horario será de 10.00 a 15.00 horas e de 17.00 a 20.00 horas.

Ao longo da fin de semana tamén se levarán a cabo numerosos sorteos de vales de compra que terán lugar o sábado ás sete e media da tarde, e o domingo ás dúas da tarde e ás sete e media da tarde tamén. Ademais, repartiránse uns 1.000 xeados entre os compradores ata esgotar as existencias.

Organizada polo Concello de Melide en colaboración coa Asociación de empresarios Terra de Melide (Asetem), a cita fará que durante dous días o Palacio de Congresos e Exposicións se converta nun *outlet* baixo teito.

Na pasada edición do Mercamelide de inverno, celebrada en febreiro, participaron máis de 20 establecementos con variedade de produtos.

Asetem organiza unhas xornadas sobre a calidade e como ser competitivo no pequeno comercio

As xornadas que organiza Asetem celebraránse os vindeiros 28, 29, 30 e 31 de agosto e 1 de setembro. Terán unha duración de dúas horas cada día en horario de 14.30 a 16.30 horas e impartiránse no local que a asociación de empresarios posúe en Melide.

Esta acción, que forma parte do plan de formación do CCA Terra de Melide para mellorar a competitividade e potenciar o tecido empresarial existente, ten como obxectivo concienciar aos establecementos pertencentes ao CCA de Melide sobre a importancia de ofrecer un servizo de calidade que satisfaga as expectativas dos clientes, pretendendo acadar un compromiso coa calidade e coa mellora continua como ferramentas para mellorar a competitividade dos comercios.

Inscricións

Para formalizar a inscrición no curso os interesados poderán facelo de forma presencial achegándose ata as oficinas de Asetem, ou ben a través do correo electrónico info@asetem.com.

As xornadas, que son gratuítas para os asistentes, están dirixidas a empresarios e traballadores de todos os comercios que queiran mellorar a súa competitividade no actual mercado, así como a emprendedores e desempregados que desexen poñer en marcha un comercio. Todos aqueles que desexen recibir máis información poderán facelo a través do teléfono 981 50 61 88. A Xunta de Galicia colabora na organización das xornadas a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Entre os contidos que se impartirán durante o curso destacan algúns como as claves para ser competitivo no comercio, algunhas das normativas relacionadas coa calidade de servizo para o pequeno comercio, outro tipo de normas de calidade e medio ambiente vixentes, e diferentes experiencias de éxito ao alcance de todos.

CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

JAVIER LÓPEZ LÓPEZ
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049
peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc...

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

FEIRA DE OPORTUNIDADES
MERCA MELIDE
DESCONTOS ATA O 80%
PAZO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS
Sábado 26: de 10 a 15 h e de 17 a 22 h.
Domingo 27: de 10 a 15 h e de 17 a 20 h.
26 e 27 AGO
SORTEOS
Sábado 26: 20 h.
Domingo 27: 14 h. e 19 h.
FOGAR | MOBLE | MENAXE | DECORACIÓN | DEPORTES | MERCERÍA
PERFUMERÍA | ELECTRODOMÉSTICOS | AUTOMOCIÓN
CALZADO | MODA | LENCERÍA | COMPLEMENTOS
A partir das 17 h. por mercar
XEADO GRATIS (ata fin de existencias)
CONCELLO DE MELIDE
Concellaría de turismo e promoción económica
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA.
Dirección xeral de comercio.
comercio de melide
tes de todo
CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

O Concello de Melide anula a licenza para a rede de biomasa

O proxecto pasa ao xulgado de Arzúa para esclarecer posibles indicios de delito

Os veciños acudiron en masa ao pleno no que se tratou o tema da biomasa, pese a ser un luns a primeira hora

Finalmente o goberno local do Concello de Melide decidiu anular a licenza de obra para a rede de calor por biomasa que se ía instalar no municipio. Dende o consistorio remitiuse o proxecto ao Xulgado de Primeira Instancia de Arzúa, ante os posibles indicios de falsidade detectados na xestión administrativa da empresa promotora, Medancli Energía, co obxectivo de esclarecer se se aprecian indicios constitutivos de delito, tendo en conta que dita empresa recibiu para o proxecto unha subvención dun millón de euros do Instituto Enerxético de Galicia (Inega).

Xa o pasado mes de xullo o goberno local deu orde de paralizar as obras ao apreciar certas irregularidades relacionadas co lugar onde se ía construír a planta central, próxima a un centro escolar, e que causou un intenso malestar entre os veciños. Agora, dende a alcaldía tamén rexeitaron as alegacións presentadas pola empresa para que se suspendese a paralización das obras e poder continuar así co proxecto.

Antecedentes

A localización das caldeiras de biomasa próximas a un colexio na zona da Martagona foi o detonante que propiciou as protestas dos veciños e a celebración dun pleno extraordinario (convocado para o 24 de xullo ás oito e media da mañá), no que a oposición (BNG e PSOE) esixiron contas á alcaldesa de Melide, Dalia García, sobre o proxecto da biomasa.

Durante o mesmo, a rexedora municipal asegurou que "o Concello non está a favor nin en contra de ningunha empresa, nin tivo trato de favor con ninguén", ao mesmo tempo que defendeu que "en todo momento se actuara con dilixencia, baixo a legalidade e con transparencia".

Neste pleno, o voceiro do PSOE, José Prado, denunciou "a pouca claridade coa que se estaba a actuar neste asunto ao comezar as obras sen ter a acta de replanteo", e destacou o feito de que o goberno se mobilizase tralas protestas veciñais. De igual xeito insistiu en que o asesor xurídico do Concello "valorarase as irregularidades como algo máis que unha infracción administrativa". Irregularidades que tamén mencionou o concelleiro do BNG, Xesús Pereira.

Exclusividade

Anulada a licenza de obra a oposición agarda agora pola celebración doutro pleno extraordinario para tratar o tema da exclusividade de subministro de enerxía ao Concello de Melide, por parte da empresa Medancli Energía, e que se lle concedeu á mesma segundo un expediente do Inega. Un compromiso que en todo momento negou a rexedora municipal.

Os veciños, satisfeitos coa suspensión da licenza, pero coa vista posta no futuro

Dende a plataforma creada por un grupo de veciños que denunciou as irregularidades do proxecto da rede de calor por biomasa que se ía instalar en Melide, amósanse satisfeitos coas últimas novidades acaecidas en relación a este tema.

Así o puxeron de manifesto algúns dos seus membros que aseguraron estar "contentos co traballo realizado e coa resposta da veciñanza para loitar na defensa dos intereses públicos e da transparencia nas actuacións do Concello". "A nosa satisfacción é máxima ao ver que cada día a xente loitou unida, e iso é un logro de todos os veciños e do seu traballo", engadiron. Tamén quixeron deixar claro que "hai que facer un esforzo por fomentar as enerxías renovables para frear o cambio climático, pero sen que detrás existan intereses políticos apoiados en diñeiro público".

A plataforma informou aos veciños sobre o proxecto da biomasa e entregou no Concello máis de 700 firmas en contra do mesmo

Expectantes ante o que aconteza

Co proxecto da central de biomasa no xulgado de Arzúa, dende a plataforma veciñal seguirán vixiantes ante as posibles novidades que se produzan nun futuro. Ademais, insistiron no feito de que "agora queda por ver como se van depurar responsabilidades políticas, que vai pasar coas obras paralizadas e con que diñeiro se vai pagar a restauración das rúas nas que aínda hai tubaxes soterradas".

A oposición esixe que se depuren responsabilidades políticas pola pésima xestión do Concello

Dende a oposición do Concello de Melide, o grupo socialista presentou tamén unha iniciativa en forma de rogo para esixir á alcaldesa, Dalia García, que asuma as reponsabilidades políticas necesarias pola pésima xestión levada a cabo en relación á central de biomasa.

José Prado, voceiro do PSOE, denunciou que a alcaldesa "se mova única e exclusivamente por tres razóns: a presión dos veciños, a presión da oposición e a gravidade dos feitos". "Hai que lembrar que nun primeiro momento concedeuse unha licenza *express* que despois tivo que ser anulada, e as obras comezaron sen acta de replanteo", engadiu.

Prado tamén destacou que dende o Concello "se lle faltou ao respeto aos veciños e á oposicón ao ter que descubrir pola prensa as intencións da alcaldesa de trasladar ao xulgado de Arzúa o expediente para que se valore o proceder da empresa promotora, e tamén, o inicio dos trámites para anular a licenza do proxecto".

Responsabilidades

Dende a oposición amosáronse respetuosos cos tempos xudiciais, pero politicamente esixrion á alcaldesa que comece a tomar medidas. "Imos agardar a que se diriman as responsabilidades xudiciais, pero as responsabilidades políticas xa se están vendo, e é que isto foi unha xestión pésima do Concello, e co tempo iránse vendo esas responsalibidades, pero Dalia García debería ir pensando en esclarecelas", sinalou o voceiro do PSOE.

SUBVENCIÓNS PARA EMPRESAS

PROGRAMA DO BONO DAS PERSOAS AUTONOMAS. CONVOCATORIA 2017 (DOG 144, DO 31/07/2017)

Traballadores autónomos cunha antigüidade na actividade empresarial ou profesional ininterrompida de 42 meses anteriores á solicitude, que teñan un rendemento neto reducido de actividades económicas inferior a 30.000 euros (segundo o IRPF 2016) e unha facturación mínima anual de 12.000 euros (IVE incluído) no citado exercicio.
Bono: 3.000 €, en pagamento anticipado, destinados á mellora da competitividade empresarial ou profesional.
Prazo: Ata o 31/08/2017

PROGRAMA EMEGA PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO FEMININO EN GALICIA (DOG 148, DO 4/08/2017)

Beneficiarios: Empresas privadas formadas por mulleres que inicien a súa actividade económica ou formalicen os seus plans Innova ou Activa entre o 01/08/2016 e o 04/09/2017.
Investimento mínimo en inmobilizado material ou intanxible, nas Liñas Emprende, Innova e Activa, de 1.000 € (3.000 € na liña ITEF). Liñas:
- EMPRENDE: Dirixido a empresas de nova creación.
Contías**:** Entre 12.000 e 22.000 € dependendo dos postos de traballo creados.
- INNOVA: Proxectos de mellora realizados entre o 01/08/2016 e o 01/12/2017, que supoñan a creación como mínimo dun posto de traballo. Contías: Entre 15.000 e 22.000 euros, segundo os postos de traballo para mulleres que se creen.
- ACTIVA: Proxectos de reactivación para o mantemento do emprego. Deberán manter ou incrementar o número de postos de traballo por conta propia ou allea preexistentes e levarse a cabo entre o 01/08/2016 e o 1/12/2017. Contías: Entre 6.000 e 18.000 euros, segundo o número de postos de traballo para mulleres.
- ITEF: Empresas de nova creación con un proxecto empresarial de carácter innovador, no eido da investigación e da tecnoloxía. Contía: Entre 18.000 e 50.000 euros, segundo os postos de traballo para mulleres que se creen.
- CONCILIA: Complementaria das liñas anteriores, para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar. Modalidades:
1)Concilia-Promotora. Incentivo de 3.000 euros por empresa, cando algunha promotora teña fillos menores de 3 anos.
2)Concilia-Persoas Traballadoras. Incentivo de 1.000 euros por traballadora (5.000 € por empresa), no caso de formalización de acordos ou pactos de conciliación para o persoal asalariado ou acordos de teletraballo.
- DUAL: Complementaria das liñas Emprende, Innova, Activa e ITEF para a participación en programas de titorización. Contía: 500 € por empresa.

Prazo: Ata o 04/09/2017

SUBVENCIÓNS PARA INCENTIVAR O EMPREGO AUTÓNOMO E A CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTIA XUVENIL (SNGX). (DOGA Nº 148 DO 4 DE AGOSTO DE 2017)

Programa I: Promoción do emprego autónomo de persoas mozas inscritas no SNGX. Dirixido a autónomos mozos inscritos no SNGX que causen alta entre o 01/10/2016 e o 30/09/2017 e se atopen de alta no momento da solicitude. Contía: Entre 4.000 € e 8.000 €, segundo o colectivo.
Programa II: Incentivos a empresas que realicen unha contratación temporal ou unha transformación en indefinido dun contrato temporal subvencionado ao abeiro deste programa, con persoas mozas inscritas no SNGX.

Serán subvencionables:
- A contratación indefinida inicial de inscritos no SNGX, formalizada entre o 01/10/2016 e o 30/09/2017. Contía: Entre 7.000 € e 14.000 €, segundo o colectivo.
- A contratación temporal e a transformación en indefinidos dos contratos temporais de inscritos no SNGX, feitos desde o 01/10/2016 e subvencionados por este programa, sempre que se formalice ata o 30/09/2017. Contía: 250 €/mes do contrato temporal, cun límite de 7.200€ segundo o tipo de contrato. Transformacións de contratos temporais, entre 2.500 € e 5.000 €.

Medancli Energía denuncia que sofre manipulación informativa

Defenden que o rexeitamenteo ao proxecto da biomasa responde a intereses persoais e de conxuntura política

Ao paralizar as obras, as escavacións nas rúas de Melide foron cubertas de novo

Trala paralización das obras por parte do Concello, a empresa promotora da rede de calor por biomasa que se vai implantar en Melide, Medancli Energía, informou a través dun comunicado que "lamentan a manipulación informativa á que se está sometendo o seu proxecto, en base a afirmacións desnortadas que só buscan confundir aos veciños".

Segundo explican, despois da campaña de información levada a cabo pola empresa ao longo de varios meses, a través de reunións con diferentes colectivos e en distintos actos, "xurdiron comentarios mal intencionados sobre a rede de calor que, lonxe de xerar un debate sobre a mesma, só buscou crear un rexeitamento total en base a argumentos falsos, e que nada teñen que ver co proxectado na iniciativa da biomasa".

Oposición por interese

De igual xeito, critican que unha das razóns esgrimidas para o rexeitamento desta alternativa sexa a proximidade a un colexio que, din, "evidencia a manipulación interesada xurdida contra este proxecto, posto que carece de argumentos que xustifiquen tal oposición". E é que segundo especifican, preto do colexio instalarán unha caldeira "na que se vai producir calor e en ningún caso enerxía eléctrica; unha idea preconcibida que orixinou medos innecesarios".

En dita caldeira vai ter lugar un "proceso de combustión da madeira, tal e como veñen facendo toda a vida outros profesionais como por exemplo os panadeiros". "Unha alternativa moito máis respectuosa co medio ambiente ca outras presentes agora mesmo no municipio, en boa parte en fogares e edificios públicos", engaden.

Dende a empresa aseguran que "a recente oposición ao proxecto responde máis a razóns e intereses persoais e de conxuntura política, que a outro tipo de argumentos. Sosteñen falsidades como que se trata dunha incineradora ou que se admitirán restos mesmo de animais; unha mostra evidente da mala fe coa que se actúa nun 'todo vale' argumental inxustificable", relatan.

En dito comunicado a firma promotora da rede de calor tamén alude ás causas da suspensión da licenza. Explican que "tamén se está a manipular, xa que dita suspensión foi debida a un erro nun dos documentos achegados, xa en fase de arranxo e presentación do correcto" (datos técnicos da parcela onde finalmente irá a central de produción de auga quente para a rede).

Á espera de ver como se resolve este conflito, dende Medancli Energía defenden o proxecto da rede de calor por biomasa para Melide como unha das "apostas sostibles do Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, ao ser seleccionada dentro dunha convocatoria de proxectos de redución de emisións contaminantes, e ao supoñer o apagado de chemineas máis prexudiciais".

AXUDAS PARA A BONIFICACIÓN DOS CUSTOS DO FINANCIAMENTO EMPRESAS (DOGA Nº 142 DO 27/07/2017)

.- PEMES TITULARES DE PRÉSTAMOS SUPERIORES A 25.000€
.- AUTÓNOMOS E MICROEMPRESAS TITULARES DE PRÉSTAMOS INFERIORES OU IGUAIS A 25.000€
Prazo: ata o 31/10/2017

Información elaborada por CC Xestión

EMPRENDEDORAS EN MELIDE

EMMA SANMARTÍN GARCÍA, "DIVA PRO HAIR & BEAUTY" *(Ronda da Coruña, nº 58)*

"Non foi doado emprender, pero valeu a pena xa só polo trato coa xente"

- Como se decidiu a emprender?
- Emma Sanmartín (E.S.): A verdade é que non me dedicaba a isto. Vivín durante oito anos en Suiza e foi alí onde comezou a miña paixón polo tema das uñas. Cando regresei aquí, unha das miñas mellores amigas comentoume que pechaba esta tenda. Ela alentoume a recoller o proxecto e ao final decidinme. Tamén axudou o feito de que en Melide houbese pouca competencia neste sector en concreto. E como de facer só uñas de xel non se vive pois tamén me animei a incorporar algo de estética.

- Resultou doado emprender?
- E.S.: Non. De feito foi moi complicado. Menos mal que tiven a axuda de meus pais que me apoiaron en todo. Aínda así, o balance que fago é positivo porque apostei por isto con toda a miña ilusión. Se tes as ideas claras eu animo á xente a emprender no que lle guste. No meu caso, xa me irá mellor ou peor, pero podo dicirche que mereceu a pena sobre todo polo trato coa xente.

- Que servizos ofrece Diva Pro?
- E.S.: Manicuras e pedicuras en semipermanente, as uñas en xel, depilación con fío (que é unha novidade), e tratamentos de parafina. Tamén estou estudando a posibilidade de incorporar servizos de depilación con láser. E todo isto para mulleres e homes, por suposto. A maiores tamén dispoñemos de xampús, cremas faciais e corporais, cremas solares, tinturas para o cabelo, todo tipo de maquillaxe, etc. O que si quero destacar é que a tenda está dirixida tanto a profesionais como a particulares. Por exemplo, se ti tes un centro de beleza ou outro tipo de negocio relacionado con isto, nós tamén podemos servirche os produtos. Xa en canto a prezos, estes varían dende os 28 euros, ata os dez euros ou oito se falamos de manicuras e pedicuras. E en canto a depilación, a primeira sesión de fío sempre a fago a metade de prezo para que a xente se anime a probala, así que partiríamos de dous euros.

- Pensou en ampliar o negocio?
- E.S.: De momento non, pero o que si pensei foi en ofrecer algún tipo de curso ou actividade, por exemplo de automaquillaxe. Na parte de arriba da tenda teño un espazo baleiro onde podería organizalo, ou mesmo se alguén quere aproveitar ese local para impartir os seus propios cursos ou actividades, que saiban que o teñen a súa disposición.

- Que tipo de clientes acuden a Diva Pro?
- E.S.: Un pouco de todo. Dende nenas pequenas que para algún evento as nais xa deixan que vaian coas uñas pintadas, ata turistas de Barcelona e Madrid. Logo, máis en xeral a miña clientela abrangue un tramo de idade de entre vinte e setenta anos. Iso sí, a maioría son mulleres, aínda que é certo que os homes comezan a coidarse cada vez máis. Sobre todo os noivos que van casar en breve.

- Está en auxe o sector da beleza?
- E.S.: Á xente gústalle coidarse. E a verdade é que no verán máis. Así que podería dicirche que no mes de xullo e agosto sempre hai máis xente. Despois hai os paros lóxicos, pero eu si que percibo ese gusto por coidarse na xente, e cada vez máis.

- Que tendencias se levan nas uñas?
- E.S.: Ultimamente volve o clásico porque a xente está sendo moi tradicional. O que máis me demandan é a manicura francesa de toda a vida, que sempre é elegante e sempre vai con todo. Despois hai un sector de clientela máis atrevido que lle gusta levar algo diferente. Moitas acaban pedíndome que lle faga algo como o que levo eu nese momento.

- Requiren coidados especiais as manicuras?
- E.S.: As mans de por si xa son unha parte do corpo que deberíamos coidar mellor e, por tanto, as uñas tamén. Para lucir unha manicura bonita convén tomar algunhas pequenas precaucións como por exemplo evitar entrar en contacto con produtos químicos así como os cambios bruscos de auga quente a auga fría. Tamén é moi recomendable facer de cando en vez un tratamento de parafina.

Emma Sanmartín na súa tenda e exemplos dos servizos que ofrece

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

Arrancan as obras da autovía A-54 entre Melide e Palas de Rei

Fomento, que inviste neste tramo 82 millóns de euros, prevé obrar en todos os tramos entre Lugo e Santiago este 2017, e rematar en 2021

Tras un longo período de espera por fin comezaron os traballos da Autovía A-54, no tramo que vai unir as localidades de Melide e Palas de Rei. Deste Xeito, o Ministerio de Fomento prevé ter en obras no 2017 todos os tramos pendentes da autovía A-54, entre Lugo e Santiago, tras comezar a finais de xullo as actuacións entre estes dous concellos. Unha infraestrutura que, segundo apuntaron, non estará lista polo menos ata o ano 2021.

O Ministro de Fomento, Íñigo de la Serna, anunciou esta previsión logo de manter unha reunión co presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e antes de que ambos se desprazaran ata Melide para comprobar en primeira persoa o arranque dos traballos.

Na súa intervención, De la Serna dixo que o eixo Lugo-Santiago é "de vital importancia" para a vertebración de Galicia, e augurou que ao seu termo haberá un aumento da seguridade viaria e un descenso nos tempos de percorrido. Este novo tramo entre Palas de Rei e Melide disporá de 82 millóns de investimento e está previsto que o seu prazo de execución remate no 2021. Agora queda por licitar o tramo que vai de Melide a Arzúa, actuación prevista tamén para este ano, co obxectivo de "poder adxudicar as obras á volta do verán" e contar así con "todo o traxecto en obras este 2017". A inversión total dedicada a esta vía rolda os 255 millóns de euros.

A primeira pedra

Durante a súa visita a Melide o ministro de Fomento estivo acompañado polo presidente da Xunta de Galicia e a alcaldesa da vila, Dalia García, entre outros membros da corporación e demais autoridades. No punto no que comezaron as obras procedeuse a un acto simbólico de colocación da primeira pedra deste tramo, que discorre polos termos municipais de Palas, Melide e Santiso e conta cunha lonxitude aproximada de 12 quilómetros.

Íñigo de la Serna destacou na súa intervención que "a nova autovía permitirá mellorar sensiblemente a seguridade viaria da actual N-547, tanto rodada como peonil, onde actualmente hai un importante tránsito de peregrinos do Camiño de Santiago".

Pola súa banda, o titular da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, felicitou ao ministro por "cumprir a súa palabra de acudir cada tres meses a Galicia e celebrou a posta en marcha das obras". Mentres, a alcaldesa de Melide, Dalia García, alentou a "seguir traballando pola posta en marcha do tramo pendente entre Melide e Arzúa".

Características técnicas

En canto ás características máis técnicas do tramo Palas-Melide, que ten unha lonxitude de 11,7 quilómetros, este iníciase en Palas conectando co tramo xa en servizo entre Lugo (Nadela) e Palas, continuando a través dos termos municipais de Santiso e Melide. O final do proxecto sitúase ao sur de Melide na intersección entre a estrada N-547 e a AC-840. Atravesa tamén o Lugar de Importancia Comunitaria 'Serra do Careón' integrado tanto na Rede Natura 2000 como na rede galega de espazos naturais protexidos. "Por iso, durante a redacción do proxecto coidouse especialmente o cumprimento das prescricións impostas pola Declaración de Impacto Ambiental", apuntou De la Serna.

A autovía A-54 é dende hai anos unha das infraestruturas máis demandada polos veciños da comarca. A construción na súa totalidade, 101 quilómetros, permitirá achegar o centro da comunidade e reducir os tempos entre a Meseta e Santiago. Coa previsión de todos os tramos en obras, semella unha realidade un pouco máis próxima.

As autoridades presentes atenden ás explicacións dos técnicos

Acto simbólico de colocación da primeira pedra da autovía A-54

Feijóo, De la Serna e Dalia García durante o discurso do ministro

A PLATAFORMA AUTOVÍA POR MELIDE TAMÉN INAUGUROU AS OBRAS DA A-54

Pola súa banda, a Plataforma Autovía por Melide organizou un día despois de Fomento un acto simbólico de inauguración ao non recibir invitación algunha ao acto oficial. Varios membros da asociación, que se mobilizaron entre os anos 2003 e 2009 para cambiar o trazado da A-54, celebraron tamén unha cea na que cada un foi relatando as súas vivencias daqueles anos. Anécdotas e experiencias que teñen previsto recoller nun libro contando a historia desta obra. No seu lanzamento, que agardan para o mes de setembro, contan coa edición duns mil exemplares. Co inicio das obras, dende a Plataforma Autovía por Melide amosan agora a súa preocupación "por cando se colocará a última pedra da infraestrutura en vez de a primeira".

Benquerida veciñanza, visitantes e peregrinos/as,

É para min unha honra volver a dirixirme a vós por segundo ano consecutivo mediante o tradicional saúdo como alcaldesa de Melide, co galo de desexarvos uns estupendos e agradables festexos do San Roque 2017.

O San Roque significa un alto no calendario de todo melidense de ben. Tanto para os que vivimos na nosa vila acotío como para os que retornan no verán ou os que por simple pracer nos visitan anualmente. Tamén contamos cos que atraídos pola hospitalidade das nosas xentes veñen para quedarse e compartir estes días de lecer como se dun de nós se tratase. Como peregrino que foi San Roque ao longo da súa vida, esta semana tan sinalada de agosto devólvenos ao mellor dos reencontros cos nosos familiares e amigos, así como se dunha viaxe ao mellor da infancia se tratase.

Recendo a doces, a melindres, ricos e amendoados "maridados" co mellor polbo do Camiño de Santiago e as mellores zonas de marcha, discorren polas rúas engalanadas cheas de diversión agardada con arela durante todo o ano.

Un ano máis, non quero deixar de agradecer á comisión de festexos o seu traballo para que todos e cada un de nós gocemos dunhas festas referenciadas como as mellores de Galicia e incluso do norte de España. De novo volvemos a ser referencia grazas ao traballo desinteresado dun grupo de xente que dirixe a organización dos festexos con agarimo e coidando o máximo detalle. Parabéns para a comisión. As mellores bandas, orquestras e grupos do panorama musical reúnense na cerna do Camiño para facer da música a esencia da festa máis coñecida. Estou segura de que todas as actividades que envolven o cartel deste ano, combinando idades e gustos musicais variados, non vos defraudarán.

Así mesmo, non quero esquecer a todos aqueles que dunha maneira desinteresada e anónima participades e colaborades para que Melide se encha de ledicia en todas e cada unha das súas rúas e prazas. O civismo, a tolerancia e a solidariedade deben ser tamén fíos condutores dos días da homenaxe a San Roque, para que sexan ademais referencia de diversión tranquila e normalizada.

Vaia por diante o meu máis sentido recordo aos que por un motivo ou outro non poderán gozar do San Roque 2017 e, polo tanto, dirixirlles un grato agarimo.

Dalia García Couso
Alcaldesa do Concello de Melide

SAN ROQUE 2017

Heredeiros e Baute, nun cartel que sitúa ao San Roque entre o mellor de Galicia

A festividade do San Roque en Melide ofrecerá este ano aos veciños e visitante máis dunha vintena de actuacións nun total de 10 días de actividade. Na programación das festas destaca especialmente a celebración do sexto mercado medieval, entres os días 11 e 14 de agosto, así como as actuacións musicais de Heredeiros da Crus e Carlos Baute como cabezas de cartel.

"É un cartel que volve a poñer a Melide no mellor do panorama festeiro de toda Galicia. O VI Mercado Medieval, así como as actuacións das mellores orquestras de Galicia nos días máis demandados do ano catapultan ao San Roque de Melide entre as mellores opcións de lecer do panorama galego e nacional. Hai que recordar que ademais, as mellores bandas e grupos de música tradicional da comarca, así como as actuacións de artistas de renome como son Heredeiros da Cruz e Carlos Baute, completan a oferta deste agosto de 2017. En todo isto ten moito que ver a xente implicada ano a ano neste proxecto que é de todos, un proxecto da vila, xa que o San Roque é o noso mellor escaparate", explica a alcaldesa, Dalia García.

Dous grandes concertos

En canto á programación, o 13 de agosto comezará a música coa orquestra Marbella, o día 14 actuará Heredeiros da Crus, e o día 15 será a quenda para o Combo Dominicano, a Orquestra de Cámara de Galicia e Froito Novo. O propio día do San Roque, o mércores día 16, os protagonistas serán a Banda de Música de O Rosal, a Coral Polifónica de Melide e as orquestras Panorama e Bambolea. O grupo local Herba Grileira, a Banda de Música de Agolada e a orquestra París de Noia poñerán a banda sonora ao 17 de agosto. Ao día seguinte, o 18, actuarán a Banda de Música de Arzúa e as orquestras Televisión e Cinema. O sábado 19 terá lugar o concerto de Carlos Baute e, coma fin de festa, o 20 de agosto celebraráse a Festa do Río que terá lugar na área recreativa do río Furelos, e o Día do Neno con descontos para que os máis pequenos poidan gozar das atraccións. Estas dúas celebracións estarán acompañadas da música da charanga Os Amigos de Visantoña, Cuarta Xusta, e o concertó folk-rock ás oito da tarde de Leirabuxo.

Con este cartel, dende o Concello agardan unha afluencia masiva de xente. "Como cada ano, o dispositivo está preparado para achegar a centos de visitantes á vila cada día de festa. Hai que subliñar que durante esta semana de reencontros familiares e de amizade centos de persoas, incluso milleiros, pasan con nós esta semana notándose tan só cun simple paseo pola rúa. De feito, convido a todos eles a que gocen dos festexos cun ambiente harmonioso e tranquilo neste tempo de verbenas".

Hai que destacar que as actuacións das orquestras e os concertos terán lugar no Cantón de San Roque con entrada libre e gratuíta. "Sen dúbida algunha o cartel do San Roque volve a ser unha primicia para o panorama festeiro de Galicia, que non é pouco, país onde en cada recuncho hai un santo que se venera. Desta maneira Melide é coñecido non soamente polo seu atractivo turístico fundamental, senón tamén pola calidade do seu ocio; hai que recordar que estas festas compiten en cartel coas das grandes urbes galegas. Con todo, agardamos que un ano máis se desenvolvan dentro dos parámetros de normalidade e gocemos todos dun San Roque onde o tempo de divertimento sexa o protagonista", conclúe Dalia García.

A creación dun 'pacto polo río Furelos', pendente de aprobación por parte do goberno local

Á reunión convocada pola Asociación de Troiteiros Río Furelos só asistiron os grupos políticos da oposición

A ausencia de representantes do goberno local de Melide na reunión da Asociación de Troiteiros Río Furelos cos grupos políticos obriga a pospoñer a creación dun pacto polo río Furelos que acabe coa súa contaminación. A alcaldesa, Dalia García, enviou un escrito á asociación no que explicou os motivos da súa non asistencia -que o tema xa fora tratado con anterioridade- , e as liñas de actuación para mellorar a saúde medioambiental do río Furelos que se están a desenvolver na actualidade dende o Concello.

Dende o colectivo lamentaron a súa ausencia e acordaron cos demais grupos políticos, BNG e PSOE, unha serie de medidas dirixidas á mellora global do río Furelos que en breve trasladarán á alcaldesa. "A nosa intención é presentarlle as medidas que acordamos e as ideas que temos. Sabemos que a súa posta en marcha non pode ser inmediata, pero pouco a pouco si se poderían ir asentando", explica Xavier Pazo, presidente da asociación.

Entre esas medidas, que polo momento decidiron non facer públicas, figuran algunhas xa coñecidas como as de "devolverlle ao río os metros que lle quitaron e sacar o pantalán da praia fluvial que frea máis lixo, así como instalar unha *escala de escotaduras laterais* que non supón ningún perigo para as persoas e ao mesmo tempo canaliza e elimina os lodos".

Un momento da reunión cos grupos políticos da oposición

Dende o colectivo tamén quixeron deixar claro que o pacto polo Río Furelos "non vai dirixido contra ninguén e non é de ninguén, senón que o único que pretende é a mellora do río e da súa contorna, e que desa mellora se beneficien todos".

Entre as principais causas da contaminación no río Furelos atópanse as malas prácticas agrícolas e o deficiente saneamento de augas de Melide. En relación a isto, Pazo asegurou que "nós non imos estar todos os días denunciando malas prácticas, pero no momento no que vexamos ou aparezan troitas mortas no río, entón si que tomaremos medidas".

Polémica no xeito de publicar as análises da praia fluvial

En relación ás análises que dende o Concello se están a facer sobre a calidade da auga da praia fluvial do río Furelos, o PSOE de Melide denunciou a maneira en como se están a facer públicos os resultados deses controis. "A alcaldesa comprometeuse a publicar os resultados cada semana, pero se alguén os quere ver non están na páxina web nin no taboleiro de anuncios do Concello, senón que hai que buscalos nun apartado da Dirección Xeral de Saúde Pública, e faino así porque ainda que as análises saian positivas e a auga sexa apata para o baño, o simple feito de ter que realizar controis cada semana xa pon de manifesto que existe un problema que require unha solución", indicou o voceiro socialista.

Melloras na estrada AC-840

O Concello de Melide vai realizar melloras na AC-840 no tramo que vai dende o lugar de Priorada ata o casco urbano no Cantón de San Roque, coa implantación da canalización da rede separadora de fluviais e fecais. Para esta actuación xa se está a redactar o proxecto e prevese que en breve poidan comezar os traballos. Tamén se amañará a problemática dos pozos existentes situados na vía AC-840 en dirección A Coruña e incrementarase a visibilidade para os peóns e condutores en diversos puntos do casco urbano que se atopan nesta estrada. Unha das necesidades da realización destas obras vén dada polo intenso tráfico que rexistra a AC-840, con máis de 3.500 vehículos a diario.

Tres técnicos de turismo para o verán

Dende o Concello de Melide contratouse a tres técnicos de Turismo que proporcionarán a información necesaria sobre o municipio e a comarca a todos aqueles peregrinos que se acheguen á localidade, así como a visitantes e turistas que escollan Melide como destino de vacacións. Os técnicos atenderán aos visitantes no Museo de Furelos, situado na parroquia do seu mesmo nome. A maiores, un técnico de turismo acompañará aos pasaxeiros do bus turístico que cada día sae da Capela de San Roque, ás seis da tarde, para pormenorizar nas visitas que se fan. Un reforzo que se fai necesario no verán, época na que chega á vila o maior número de turistas e peregrinos.

Máis de 7.000 euros en axudas para o deporte

A Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia fixo pública a listaxe definitiva de subvencións concedidas a clubs deportivos, entre os que se atopan algúns de Melide, e aos que en total se lle concederon algo máis de 7.000 euros en axudas. Os clubs en concreto son os seguintes: a Escola Ayude cun importe de 4.892,47 euros, o Club Melide Fútbol Sala con 908,60 euros, e o Club de Fútbol Cire de Melide ao que lle corresponde unha axuda de 1.537,63 euros.

Un pequeno incremento

En total, o importe das axudas concedidas pola Xunta de Galicia para o deporte ascendeu esta vez a 2.080.000 euros (110.000 euros máis que na anterior convocatoria).

FOTO-DENUNCIA

De todo menos auga...



Todo o mundo sabe que no polígono de Melide non hai depuradora. Un feito que contribúe en gran medida á contaminación do río Furelos. Neste senso, na imaxe pode verse como a través do coñecido como rego de Vimianzo chegan ata as augas do río verteduras contaminantes de todo tipo. Un feito que se repite con demasiada asiduidade.

Melide aproba rebaixar o IBI e bonificar ata o 95% as explotacións gandeiras

O goberno local de Melide aprobou rebaixar para o vindeiro ano o Imposto de Bens Inmobles do 0.48% ao 0.45%, así como a bonificación do IBI ata nun 95% para as explotacións gandeiras que así o soliciten. No caso do IBI urbano esta baixada do imposto supoñerá unha diminución do 10% na recadación municipal, o que se traduce nun importe aproximado de recadación de preto de 191.000 euros no vindeiro ano.

Por outra banda, no correspondente ao IBI rústico, que conta neste ano cun tipo impositivo do 0.50 do coeficiente, no 2018 reducirase ao 0.45 ao igual que o urbano. O ente municipal recadará un 10% menos no IBI rústico, o que se traducirá en case 40.000 euros para a facenda local. Dende o Concello, a rexedora municipal, Dalia García, explicou que "detrás desta baixada do IBI está "a vontade de diminuír a presión fiscal sobre as familias, xa que se trata dun imposto que afecta á maior parte dos veciños".

Bonificacións do 95% para as explotacións gandeiras

Tamén se aprobou unha medida de carácter fiscal para facilitar a aplicación da bonificación máxima do Imposto de Bens Inmobles (IBI) ás explotacións gandeiras. Deste xeito, para o ano aplicarase unha bonificación do 95% do IBI aos inmobles destinados a actividades agrarias, gandeiras ou forestais. Dentro desta medida hai que salientar que cando a actividade sexa compartida con outros usos, non agrarios, nin gandeiros, nin forestais, a bonificación tan só será do 50%.

Máis de 300 beneficiarios

Segundo os datos extraídos dun informe da Extensión Agraria de Melide, no municipio existen aproximadamente 320 explotacións de vacas e 30 de porcino que poderían beneficiarse desta medida aprobada para o vindeiro ano. Todas elas terán que facer, no caso de beneficiarse da exención, a entrega do correspondente expediente que será avaliado e posteriormente trasladado co informe favorable de intervención municipal aos servizos da Deputación da Coruña para a súa bonificación.

PSOE e BNG en contra

En ningún caso as medidas aprobadas polo PP contaron cos votos a favor da oposición que, segundo explicaron dende o Partido Socialista, recibiron os seus votos en contra por considerar que aínda hai marxe para aplicar "máis rebaixas fiscais".

"O noso grupo pediu bonificacións maiores para colectivos como as familias numerosas, familias especialmente vulnerables por ingresos, ou factores como o despoboamento de aldeas, porque hai marxe para esa baixada", indicou o voceiro socialista. Os nacionalistas manifestáronse na mesma liña.

Dúas brigadas contra incendios para vixiar os montes

Dúas brigadas contra incendios, compostas por cinco persoas cada unha, vixiarán os montes de Melide e da comarca durante os meses de verán. A maiores, o Concello de Melide contratou tres motobombas que prestarán auxilio á brigada contra incendios coa que cada verán conta o ente local. A brigada contra incendios realizará tarefas de vixilancia do monte e labores de desbroce manual en diferentes lugares das parroquias a onde as máquinas non teñen acceso. Con todo, lémbrase a obriga que teñen os veciños de manter os seus soares limpos de maleza. Os donos dos terreos teñen que facerse cargo da súa limpeza nunha franxa de seguridade de 50 metros arredor das súas casas. O incumprimento desta norma implicará sancións económicas. Ademais, serán os propietarios dos terreos os que terán que asumir os custos dos traballos de limpeza no caso de que sexa o Concello quen os realice.

Máis de 2.600 persoas pasaron pola oficina de turismo do concello

A oficina de turismo de Melide recibiu a 2.653 persoas durante o mes de xullo. Delas 1.608 foron de nacionalidade española, 636 de nacionalidade europea e o resto, 409, foron persoas chegadas dende outros puntos do planeta. No que corresponde á procedencia española os lugares que máis sobresaen son Andalucía, Madrid e Cataluña. No que se refire á procedencia de países europeos a porcentaxe é maior en persoas con nacionalidade italiana. E xa no referente a outros lugares do planeta destaca a peregrinación de persoas estadounidenses, coreanas e do sur de América.

O bus turístico realiza varias paradas ao longo do seu percorrido

Autobús turístico

O autobús turístico do Concello tamén está a gozar de boa aceptación. Preto de medio cento de persoas ao día fixeron uso deste bus dende o 10 de xullo, data na que se puxo en funcionamento, chegando a acadar o seu rexistro máximo o 25 de xullo, coincidindo co día da festividade do Santiago Apóstol.

Por outra banda, unha axuda de 46.000 euros de Turismo de Galicia permitiralle ao Concello de Melide mellorar a sinalización dos recursos turísticos que se atopan nesta localidade pola que transcorre o Camiño Francés.

PROGRAMACIÓN CULTURAL PARA O MES DE AGOSTO EN MELIDE

O teatro e a música son os grandes protagonistas da oferta cultural para este mes de agosto en Melide. Unha serie de actividades gratuítas e para todas as idades e gustos. Así, o mércores 9 de agosto ás 18.30h na praza do Convento terá lugar un concerto de Xoán Curiel; mentres que o xoves día 10 de agosto ás 20.30h na praza do Convento será o turno para o concerto de Sulima Aali.

Xa do 11 ao 14 de agosto desenvolverase durante todo o día a Feira Medieval. Posteriormente, do 13 ao 20 de agosto, as festas do San Roque con concertos e actividades na praza do Convento e no Cantón de San Roque.

Así, entre os concertos incluídos dentro da programación a maiores das orquestras destacan o luns 14 de agosto ás 00.00h no Cantón de San Roque o concerto de Heredeiros da Crus, o martes 15 de agosto ás 23.00h na praza do Convento o concerto da Orquestra de Cámara de Galicia; o sábado 19 de agosto ás 00.00h no Cantón de San Roque o concerto de Carlos Baute e, o domingo 27 de agosto ás 13.30h na praza das Ichoas, sesión Vermú no Camiño a cargo de "Smoke".

Setembro

O domingo día 3 de setembro á unha e media do mediodía, na praza das Ichoas, continuarán os concertos do programa Vermú no Camiño coa actuación do grupo "Dani Royo&Versións Band".

Medio Rural financiará a construción dunha nova ponte sobre o río Furelos

A Consellería de Medio Rural ten previsto un investimento de case 300.000 euros, procedentes do Plan de Infraestruturas Rurais, para a reforma integral da ponte Mazaira no río Furelos. Unha mellora da que se beneficiarán os pescadores do río e tamén os veciños que desenvolvan tarefas agrícolas a ambas marxes do mesmo. Coa reconstrución desta ponte, prevista hai xa tempo, mellorarase o incremento da calidade ambiental, xa que o paso do río farase entón por un viaduto sen afectar ao seu treito, ao mesmo tempo que se modernizarán as comunicacións entre Melide e Toques.

Outras actuacións

No mesmo convenio que o Concello de Melide asinou con Medio Rural para a reforma da ponte Mazaira, tamén se contemplan outras actuacións como o arranxo de diferentes vías e conexións con pontes que na actualidade se atopan deterioradas.

Do mesmo xeito, na estrada que une Melide e Sobrado dos Monxes levarase a cabo a segunda fase dun proxecto xa iniciado por Medio Rural a través do Plan de Emerxencias de 2016 e no que xa se investiron 120.000 euros. Nese momento renováranse algunhas vías en cada concello. As actuacións que se prevén agora son para completar esta actuación nunha zona moi deteriorada que une estes dous municipios e que conta cun total de 2,4 quilómetros.

Unha ponte máis

Entre outros traballos que se levarán a cabo e que contempla este convenio tamén se atopa a construción dunha ponte entre o lugar de A Mella en Arzúa, e a parroquia de Baltar en Melide, sobre o río Iso, cun investimento de 100.000 euros para ámbolos dous concellos, e que redundará no beneficio dos veciños que vivan preto dese lugar, xa que poderán empregalo como paso obrigatorio no seu día a día. As actuacións que se realizarán consistirán na reposición da drenaxe transversal sobre o río, e dado que a estrutura actual atópase nun estado deficiente, demolerase a obra existente para facer unha nova cimentación e o pórtico, ademais de reafirmar o camiño.

A alcaldesa de Melide, Dalia García, apuntou á necesidade das obras "xa que en moitos puntos as nosas conexións cos concellos veciños son moi deficientes" e agradeceu á Consellería do Medio Rural o investimento proxectado para a realización "destas melloras que son totalmente necesarias para aqueles veciños e veciñas que empregan estas vías de comunicación a diario", engadiu.

O Concello de Toques informa sobre os límites nas repoboacións forestais

Dende o Concello de Toques procedeuse a informar a todos os veciños da obriga que teñen de respectar as condicións e limitacións fixadas pola lei cando se realizan repoboamentos forestais, unhas condicións recollidas tano no artigo 67 da lei de Montes de Galicia como no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Toques, xa que en caso de non cumprir co establecido as administracións contemplan sancións. O aviso estase a producir despois de ter coñecemento, por parte do Concello, dun número considerable de repoboacións forestais que se están a realizar no municipio de Toques. Segundo se establece no PXOM deste concello "está prohibida expresamente a nova plantación de especies arbóreas que constitúan masa forestal en solo rústico de especial protección agropecuaria". No artigo 67 da lei de Montes de Galicia tamén se poden consultar máis polo miúdo as condicións que deben cumprir as repoboacións forestais.

Toques, coa promoción do deporte

O pavillón polideportivo do Souto acolleu durante a última fin de semana de xullo a celebración dun torneo de tenis para nenos e adultos

Non podemos falar de vencedores nin vencidos senón da promoción dun deporte tan completo e saudable como é o tenis. E é que durante a fin de semana do 29 e 30 de xullo tivo lugar no pavillón polideportivo de Souto, en Toques, unha nova edición do seu Torneo de Tenis.

Durante a primeira xornada, a do sábado, os protagonistas foron os cativos, a meirande parte usuarios das Escolas Deportivas de verán, que participaron en dúas categorías por idades e máis individuais e mixtas: sub13 e sub18. En total disputáronse 22 partidos de quince minutos cada un aproximadamente a once puntos na categoría sub13 e ao mellor de cinco xogos os máis maiores. O resultado final foron catro horas nas que os rapaces e rapazas obtiveron unha experiencia semellante ao que é un torneo na realidade, pero sobre todo realizaron exercicio físico, e obtiveron outras vivencias no plano sociocultural, lúdico e emocional.

Nenos e adultos participanes no torneo de tenis de Toques (Fotos: Concello de Toques)

Na xornada do domingo continuou a actividade co Torneo de Dobres para adultos. Nel participaron 16 persoas repartidas en oito parellas coas que se confeccionaron os enfrontamentos no cadro eliminatorio. En canto á procedencia dos participantes esta foi dispar xa que chegaron afeccionados de Arzúa, Melide e Mesía ademais de Toques.

Descende a taxa de paro na comarca nun total de 40 persoas

O paro baixou en Melide e na comarca en 40 persoas, o que se traduce nun total de 627 parados entre os municipios de Melide, Toques, Santiso e Sobrado dos Monxes. Melide ten na actualidade 420 desempregados, 21 persoas menos que no pasado mes de xuño; Santiso conta con 84 desempregados, catro menos; en Sobrado dos Monxes a cifra é de 70 desempregados, tres menos que en xuño; e no concello de Toques o mes de xullo deixou un total de 53 desempregados, 12 menos que en xuño. Galicia é unha das comunidades nas que máis baixou o paro neste mes de xullo en termos absolutos con 7.794 persoas menos que en xuño, situándose así como a segunda na que máis cae o desemprego en termos relativos.

Visantoña acolleu un 'Encontro de bandas musicocultural'

O campo da festa de Visantoña acolleu o pasado 29 de xullo a celebración do 'Encontro de bandas musicocultural', organizado pola Asociación Cultural Banda-Escola de Música de Visantoña en colaboración coa Deputación da Coruña. O evento, que deu comezo ás oito e media da tarde, contou coa participación da Banda de Música de Visantoña e a Banda de Música Sant LLoreç de Tarragona. Dentro do programa musical do encontro soaron interpretacións por parte da banda catalana como *María Teresa Lacruz, Mountain of Dragons* ou *Triángulo de las Bermudas*, mentres que a banda local interpretou temas como o *Tercio de Quites, Danzón nº2, Rapsodia Galega, Variazione in Blue* ou *Mi Tierra Gallega*.

Protestas pola redución de profesores no CEIP Virxe do Portal de Sobrado

A redución de profesores débese á diminución no número de alumnos de educación primaria, ainda que o total do centro non varía

Foto: Concello de Sobrado

Veciños, pais de alumnos e os propios alumnos do CEIP Virxe do Portal de Sobrado celebraron unha concentración diante do Concello para protestar pola redución do número de profesores asignados ao centro para o vindeiro curso escolar. E é que de cara ao vindeiro curso 2017/2018 o CEIP Virxe do Portal de Sobrado verase afectado por unha redución de profesores debido ao descenso do número de alumnos de educación primaria, aínda que si se mantén o número total de alumnos do centro. Ante isto, a ANPA do colexio está a mobilizarse coa organización de diferentes concentracións, unha das últimas na Delegación da Consellería de Educación, na cidade da Coruña.

Sobrado busca mellorar o seu patrimonio cultural e natural, así como os servizos sociais do concello

Reunión co presidente da Xunta de Galicia

Dende o goberno local do Concello de Sobrado solicitouse á Xunta de Galicia a implicación das diferentes Consellerías para impulsar proxectos que poñan en valor o patrimonio cultural e natural do municipio e que potencien a súa dinamización económica.

Do mesmo xeito, tamén se demandou a continuación dos traballos de escavación no Campamento Romano de A Ciadella e da inversión na estrada AC-934. Dende o Concello, na reunión mantida co presidente do goberno autonómico, Alberto Núñez Feijóo, tamén se aproveitou a ocasión para trasladar a preocupación veciñal pola redución do profesorado no CEIP Virxe do Portal.

Política Social

Noutra reunión mantida entre o Concello de Sobrado e a Consellería de Política Social abordáronse os diferentes programas que se están a desenvolver no municipio en materia social.

Así, entre os principais programas e infraestruturas en materia social que se están levando a cabo destacan o incremento dun 34% nas horas de Servizo de Axuda no Fogar e Dependencia, o que se traduce nunha subida de 437 horas mensuais.

Por outra banda e no que respecta á infancia, Sobrado conta cunha escola infantil da rede Galiña Azul que oferta 20 prazas para este curso. Neste senso, ambas institucións abordaron a posibilidade de explorar novas vías de colaboración para a mellora da carteira de servizos sociais que existe na actualidade en Sobrado. No marco desta colaboración entraría a solicitude do Concello de Sobrado dun transporte para o traslado de persoas con discapacidade a centros de rehabilitación.

XVIII Feira da Troita en Sobrado

Os vindeiros 12 e 13 de agosto celebraráse na localidade de Sobrado dos Monxes a décimo oitava edición da Feira da Troita. A xornada do sábado estará marcada por actividades como a terceira carreira popular "corretroita" e o festival musical e intercultural da xuventude con grupos como Agoraphobia, Sherpa ou Familia Caamagno. Durante o domingo haberá degustación de "troita á montañesa" na praza do Concello e nos locais do municipio, así como diferentes actuacións. O pregón comezará á unha e media do mediodía e será a cargo de Marcos Pereiro, de As Cantareiras de Ardebullo. A xornada continuará con actuacións musicais ata a noite.

Traslado da Oficina de Turismo

Foto: Concello de Sobrado

A Oficina de Turismo de Sobrado xa comezou a funcionar nas súas novas instalacións, ao lado da Casa do Concello. Ademais de seguir activa a pantalla de información turística tamén se atende a peregrinos e visitantes persoalmente nun lugar máis visible e próximo para todos. O horario de apertura da oficina é de dez da mañá a dúas do mediodía e de catro a sete da tarde de luns a venres.



Plagostel
NRS (0177-GAL-SPO)
seguridad e higiene alimentaria
www.plagostel.com
698 163 399

Cafetería y Pastelería
Estilo
C/ Progreso, 6
Tfno.: 981 505 153
MELIDE

JIM SPORTS
GRUPO

VIVIENDAS - CHALETS - BAJOS - SOLARES

PISOS EN FOZ Y MELIDE

CHALETS Y SOLARES
EN MELIDE

ALQUILER - VENTA

ALQUILER CON OPCIÓN
A COMPRA

Música e fogos de artificio para celebrar as festas de Visantoña

José Ramón Fernández, José Seijas, José Donadeo, Luis Amadeo e Pablo Mouriño forman a comisión de festas de Visantoña deste 2017, que traballou arreo para organizar unhas das mellores festas da contorna. E é que, unha vez rematado o San Roque, aínda queda moito por bailar os vindeiros 28 e 29 de agosto nesta parroquia de Santiso. Así o pon de manifesto o bo cartel deste ano, moi semellante ao de edicións anteriores. Deste xeito, sen esquecer as tradicionais misas, durante os dous días tamén haberá música a cargo de recoñecidas orquestras como son a París de Noia ou El Combo Dominicano entre outros grupos, además dunha gran sesión de fogos de artificio o luns día 28 á unha da madrugada. E para os máis preocupados polo tempo, tranquilidade absoluta que haberá carpa no campo.

Dende a comisión de festas queren "agradecer a colaboración de todos aqueles que axudaron na organización dun xeito ou doutro, especialmente aos veciños, que participaron en todas as actividades realizadas coa finalidade de recadar fondos". Pese ao traballo que supón a organización das festas, "o resultado foi satisfactorio".

SANTISO
VISANTOÑA 2017
SAN AGUSTÍN

luns 28 agosto
Misa solemne á 1 cantada pola CORAL POLIFÓNICA DE SANTISO.
Pasarrúas e vermú: Grupo TRIUNFO e BANDA DE MÚSICA DE VISANTOÑA
Verbena co GRUPO:
TRIUNFO e a ORQUESTRA PARÍS DE NOIA
Á 1 da madrugada GRAN SESIÓN DE FOGOS DE ARTIFICIO a cargo de Pirotecnia PENIDE.

martes 29 agosto
Misa solemne á 1.
Pasarrúas e vermú: Charanga SANTA COMPAÑA e BANDA DE MÚSICA ISABEL II DE TOURO
Verbena coas ORQUESTRAS:
LOS SATÉLITES
EL COMBO DOMINICANO

CAMPO CUBERTO CON CARPA DE ÚLTIMA XERACIÓN.

CARPINTERÍA-EBANISTERÍA Visantoña, s.l.
Visantoña - Santiso (A Coruña) • carpinvisantona@gmail.com
Tfnos.: 609 823 583 - 981 510 734 (Herminio) - 609 059 634 (Fernando)

J. SESTO EXCAVACIONES
Tfno.: 659 580 057
VISANTOÑA - SANTISO

Muebles VISANTOÑA, s.l.
FÁBRICA DE TAPICERÍA
ALMACÉN DE MUEBLES
Tfno.: 981 51 07 13 - 15809 VISANTOÑA - Santiso (A Coruña)

Espectáculos ANGEL SEOANE
SÍGUENOS EN:
MELIDE - MONTERROSO
Tfno. móvil: 617 38 48 60

Muebles VISANTOÑA, s.l.
FÁBRICA DE TAPICERÍA
ALMACÉN DE MUEBLES
Tfno.: 981 51 07 13 - 15809 VISANTOÑA - Santiso (A Coruña)

RESTAURANTE
PARRILLADA
PILMAR
MARIÑO
● DESAYUNO ● MENU
● COMIDAS PARA GRUPOS
● ESPECIALIDAD EN
CARNES A LA BRASA
Santa María, s/n.
15800 MELIDE (A Coruña)
Tlfnos.: 981 50 76 17
606 59 04 46
Festa do emigrante
Venres día 11 agosto a partir das 9 da noite
Degustación GRATIS de
gran paella e churrasco

Música en directo con
SUSO DE BOENTE

PRETO DE 400 DEPORTISTAS PARTICIPAN NO XXXVII CAMPIONATO DE FÚTBOL SALA DO CONCELLO DE MELIDE

Está en marcha a trixésimo sétima edición do Campionato de Fútbol Sala Concello de Melide. Son xa 37 anos dun dos torneos decanos desta modalidade deportiva na provincia, un clásico nas tardes e noites do verán melidense, onde ademais de ser unha cita deportiva de primeiro orde é tamén unha actividade social e tradicional dos veciños e visitantes que este mes ateigan o municipio. O campionato celebrouse en diferentes lugares nos seus inicios, como o Campo da Feira, o Colexio número 1 ou a pista do antigo instituto, e por el pasaron os mellores deportistas do fútbol sala de Galicia.

O torneo comezou o pasado martes día 1 de agosto e finalizará o vindeiro venres 25. Nel participan as seguintes categorías: prebenxamíns (nados no 2010 e 2011), benxamíns (nados no 2008 e no 2009), alevíns (nados no 2006 e 2007), infantís (nados no 2004 e 2005), cadetes (nados no 2002 e 2003), femenino e senior. Con todo, serán preto de 400 deportistas os que participen no campionato que se disputa ao longo de todo o mes no pavillón municipal de A Martagona.

Novidades

O CF Cire Melide competirá a partires do mes de setembro na división Segunda Autonómica Grupo V. Este ano contará cun novo corpo técnico formado por Francis Sixto como adestrador na súa terceira etapa en Melide, mentres que o segundo adestrador será Rubén Sesar (ex-xogador do Cire). Completará a terna técnica o preparador de porteiros, o melidense Alberto Neira. Con máis de 700 socios, este ano o club lanzou nas redes sociais a campaña #800azuis co obxectivo de seguir medrando e acadar os 800 socios. Xa no plano deportivo os adestramentos do primeiro equipo comezaron a finais de xullo e continuarán coa seguinte programación: sábado 5 de agosto Cire-Torre (A Coruña), luns 7 de agosto Cire-Agolada, xoves 10 de agosto CSD Arzúa-Cire, sábado 12 de agosto Cire-Santiso, e sábado 19 de agosto Cire -Sd Antas de Ulla.

'ATELIER DE DESASSOSSEGO'

O Museo da Terra de Melide acolle o vindeiro sábado 12 de agosto, entre as sete da tarde e as nove da noite, o "Atelier de Desassossego". Trátase dunha mostra de pintura do pintor e poeta portugués Adiasmachado, e a presentación do libro do poeta melidense Antón Laia "No cinzel livre das securas". Xuntos entrelazarán na presentación unha mestura de rebeldía e beleza.

TEATRO E LEITE PARA APRENDER

Preto de medio cento de nenos e nenas participaron na representación teatral que tivo lugar na Biblioteca Municipal Xosé Vázquez Pintor de Melide; unha actividade que tivo como obxectivo facilitar unha alternativa de ocio nas bibliotecas, así como dar a coñecer diferentes produtos relacionados co leite en Galicia; un dos produtos alimenticios máis importantes para a nosa nutición.

DEPORTES PARA OS CATIVOS EN SANTISO

O Concello de Santiso, dentro da súa programación estival de campamentos de verán para nenos, organizou unha xornada de deportes á que acudiron preto de cen cativos chegados dende Santiso, Arzúa e Melide. A xornada estivo dirixida por adestradores da Escola Ayude. Ademais, na Coruña celebrouse recentemente o campionato galego de boxeo olímpico na proba de formas, un evento no que tamén participaron alumnos desta Escola.

REPORTAXE: Solidariedade sobre dúas rodas

“Nunha etapa en Italia tiveron que vir os carabineiros a sacarnos da autovía”

Alberto, Eladio e Víctor son os protagonistas desta solidaria historia. Os tres membros do Club Ciclista Melidense veñen de rematar unha peregrinación dende Roma a Santiago de Compostela en bicicleta. Unha aventura que comezou o pasado 21 de xuño e rematou o 16 de xullo. A idea, que tivo por nome ‘Camiño en Espíritu e Verdade’, xurdiu dunha conversa mantida hai anos entre os tres amigos, pero foi agora cando se converteu nunha realidade plasmada en 23 etapas. Axudou o feito de cumprirse o 25 aniversario do club e o apoio incondicional das súas familias.

Os protagonistas desta aventura no momento de partir, en Roma, e a súa chegada a Melide

O comezo

Alberto Leiva, Eladio Casal e Víctor Manuel Fernández comprenderon que a súa iniciativa estaba a piques de facerse realidade a medida que esta ía collendo forma. Planificaron as etapas, os días de viaxe e falaron coas súas familias, de quen non obtiveron outra resposta máis que o seu total apoio. Cando quixeron darse conta estaban en Roma a punto de partires en bicicleta cara a Santiago. “Levamos un coche de apoio onde foron Amparo e Belén, que son a muller e a filla de Eladio, e sen ese coche de apoio sería imposible desenvolver esta andaina”, comenta Víctor.

Entre os que quedaron en Melide, un sentimento lóxico de preocupación ante a posibilidade de que lles puidese pasar algo. E é que abonda con mirar as estatísticas de atropelos a ciclistas no que levamos de ano para entender dita preocupación. Aínda así, “non podes deixar de facer algo que che guste por medo, o que tes que facer é educar no respeto e na tolerancia para que non se produzan máis casos coma os que vemos case acotío”.

Xa en Roma, había que poñerse a pedalear con forza. A xornada comezaba cedo, preto das sete e media da mañá e, dependendo da dificultade e a lonxitude da etapa, remataba sobre as tres ou catro da tarde. Iso si, antes de saír de Roma houbo tempo para asistir á audiencia papal e agasallar ao Pontífice cunha variedade de produtos típicos da terra de Melide, tales como os melindres e amendoados. Rematada a xornada en bicicleta “comiamos e colliamos folgos para o día seguinte, e por suposto aproveitabamos tamén para facer turismo”, engaden.

Máis de vinte días enriba dunha bicicleta dan para moitas anécdotas. Víctor lembra entre sorrisos unha das máis simpáticas, “e é que en Italia acabamos meténdonos nunha autovía sen querer e tiveron que vir os *Carabinieri* a sacarnos dela. Asustámonos un pouco cando os vimos chegar, pero foron moi amables con nós e acabaron acompañándonos á saída. Nin sequera nos multaron”.

A chegada

Pero, por descontado, un dos momentos máis especiais que viviron foi sen dúbida a chegada a Melide, “sen desmerecer en nada a chegada a Santiago de Compostela”. E é que hai que entender “que a nosa meta era Santiago, pero a nosa casa é Melide, e ese momento foi indescritible. Un cúmulo de emocións”, explican.

Unha idea solidaria

Entre tanta emoción e experiencias convén non perder de vista o obxectivo principal desta iniciativa, o *Me cuesta un huevo*, xa que baixo ese lema o párroco de San Antonio de Padua, o melidense Alberto Leiva, construíu un galiñeiro para vinte galiñas coa fin de producir, envasar e vender os ovos. E co diñeiro recadado da venda dos ovos axudar aos máis necesitados. “Quixemos asociar a experiencia a unha iniciativa solidaria. En realidade o que pretendemos, máis que recadar, foi facer unha chamada solidaria. Que a xente se involucre, porque por moi pouco que fagas, sempre contribúes. Hai moita xente que o está pasando mal, que lle custa chegar a fin de mes, que está sola, que está enferma, esa realidade que non vemos, pero que existe. Nós quixemos darlle visibilidade aproveitando a repercusión que puidese ter a nosa aventura”.

Solidariedade sobre dúas rodas que conta cun balance máis que positivo, pese ao pequeno accidente que sufriu Víctor e que lle obrigou a abandonar a viaxe trala rotura da clavícula. “Aínda así, foi algo inesquecible que tentaremos repetir”, explica.

XXV Aniversario

O Club Ciclista Melidense cumpre agora o seu 25 aniversario e para celebralo preparan, entre outras actividades, o Día da bicicleta, que será o vindeiro 15 de agosto. “É unha saída na que poderán participar todos, dende os máis pequenos ata os máis maiores. Familias enteiras, porque o que queremos é promocionar este deporte que tanto amamos. Sen ánimo de competir, só de pasalo ben”.

Alberto, Eladio e Víctor non queren rematar o seu relato sen “agradecer a axuda recibida por parte de todos os que colaboraron tanto na viaxe como no club, fosen institucións, establecementos ou particulares. Todos contribuíron de forma excepcional. Sen eles sería impensable e imposible esta aventura e continuar co club”, din. Para os interesados, que saiban que se queren formar parte da entidade poden poñerse en contacto con eles a través da páxina que teñen en Facebook co nome ‘Clube ciclista Melidense’.

Fotos: Concello de Melide

‘FOOD TRUCKS’

Baixo o nome de Galigastro, o Cantón de San Roque de Melide acolleu a II Concentración de Food Trucks que contou con catro vehículos preparados para funcionar como verdadeiros restaurantes sobre rodas. Unha alternativa de ocio e gastronomía na que tiveron cabida participantes de todas as idades, xa que houbo unha zona de xogo infantil así como actuacións en directo. O evento arrancou cunha degustación gratuíta de melindres de Melide e un Cóctel do Camiño creado especialmente para a ocasión.

DEPORTE SOBRE RODAS EN FAMILIA NO DÍA DA BICICLETA

O Club Ciclista Melidense organiza un ano máis, coincidindo co 15 de agosto, o día da Bicicleta. A apertura de inscricións realizarase dende as nove da mañá no Cantón de San Roque de Melide para comezar o percorrido ás dez e media. O tramo terá unha distancia de oito quilómetros aproximadamente e será de baixa dificultade. Tal e como apuntou Eladio Casal, do club ciclista, “é un percorrido moi sinxelo e apto para todos os membros da familia, xa que non é unha carreira competitiva, nós preferimos chamalo un paseo familiar no que cada persoa pode adaptar o nivel a súa condición física”. O percorrido será circular con saída e chegada ao Cantón de San Roque. Unha vez rematado, a organización entregará unha camiseta a cada participante e agasallos para todos os nenos. Tamén se sorteará unha bicicleta entre todos os asistentes. O día da Bicicleta ten data fixada no calendario melidense todos os 15 de agosto, coincidindo co comezo das grandes festas do San Roque na vila.



CREATIVIDADE E TALENTO NO RURAL

Un total de 14 mozos e mozas de entre 12 e 17 anos compartiron durante catro días experiencias nos albergues xuvenís de Melide e Palas de Rei grazas ao programa *Ruralizarte!*. Un programa que busca fomentar a creatividade e o talento xuvenil, ao mesmo tempo que se potencia o rural galego. Os dous grupos xuntaranse agora no albergue de Riós do 10 ao 14 de agosto para participar no décimo Festival de Artes Escénicas.

CLAUSURA DO CURSO DE TAPAS EN MELIDE

Arredor de vinte persoas participaron nun curso de elaboración de tapas, dirixido nun principio á hostalaría e posteriormente aberto aos veciños. Nel, os participantes contaron coas ferramentas necesarias para realizar pequenas elaboracións en minuatura que en cada clase os seus aprendices tiveron a posibilidade de probar. O curso estivo dirixido por Mari Luz Valiño.

XIII XORNADAS DE LIMPEZA DO RÍO FURELOS

Coma cada ano a Asociación de Troiteiros Río Furelos organiza unhas xornadas de limpeza polo río. Nesta edición celebraránse os vindeiros 26 de agosto, e 2 e 9 de setembro, en horario de nove da mañá a unha do mediodía e de catro a oito da tarde. As xornadas están abertas a todos os públicos para que ademais de contribuír á limpeza do río, se poida gozar da natureza.

O MAGO ANTÓN, EN SOBRADO

O domingo día 13 de agosto, na Praza do Concello de Sobrado, terá lugar o espectáculo de maxia do Mago Antón. O "Magomóbil" chega a Sobrado para actuar en cinco sesións: ás 12,00h, ás 17,00h, ás 18,00h, ás 19,00h e ás 20,00h.

Cambio de dirección, e o mesmo éxito para a Coral Polifónica de Melide

A agrupación melidense triunfou no III Festival de Habaneras e prepara xa a vindeira actuación para o 16 de agosto no San Roque

Un éxito rotundo. Así podería describirse o festival de habaneras que a Coral Polifónica de Melide organizou, en colaboración co Concello, por terceiro ano; un éxito que ten máis mérito se cabe, tralo recente cambio de dirección na coral o pasado mes de maio. Este cambio de dirección deu continuidade un ano máis á programación habitual e, como non podía ser doutro xeito, o pasado 29 de xullo celebrouse o III Festival de Habaneras Camiño de Santiago.

As condicións climatolóxicas acompañaron e o público respondeu acudindo masivamente para gozar coas cancións habaneras máis populares. Sobre o escenario, a Coral de Vila Nova de Cerveira e de Viana do Castelo, ambas procedentes de Portugal, a Coral Polifónica de Agolada e, por suposto, a Coral Polifónica de Melide.

Rematada a terceira edición do festival de habaneras toca seguir traballando no programa anual que conta, entre outras actuacións, coa semana da música da Terra de Melide, as panxoliñas e o San Roque. Dende a nova dirección destacaron tamén que entre os próximos obxectivos están os de aumentar o número de integrantes da coral e mellorar a formación para o canto.

Fin da programación de verán

A programación de verán da Coral Polifónica de Melide rematará coincidindo coas festas do San Roque. E é que o vindeiro día 16 de agosto terá lugar unha nova actuación. Neste caso, o repertorio incluirá cancións moi coñecidas por todos, tanto galegas como habaneras, de temática relixiosa ou máis antigas, así como unha novidade que será a estrea do tema de Frank Sinatra, "My way".

A afluencia de público ao III Festival de Habaneras, organizado pola Coral de Melide, foi todo un éxito (Fotos: Turismo de Melide)

Comulgar con rodas de muíño

Iván Gómez Blanco, xornalista (ex-director do Cerne)

Predicar co exemplo sempre foi cousa difícil. É máis doado facelo dende un púlpito, dende a superioridade moral que nos dan os anos ou dende a autoridade que nos outorga un determinado estatus laboral. Pasa cos pais, pasa coas xefas e pasa, nun sentido máis amplo e quizais tamén máis evidente, coa cúpula da Igrexa Católica; exemplo máximo de contradición e de incoherencia ao proclamar un discurso que pouco se sustenta en feitos e que se dende algún punto de vista aínda resulta crible é unicamente porque se trata dunha cuestión de fe.

A Igrexa sempre se arrimou ao poder político e exerceu o seu propio máis con intencións crematísticas ca vinculadas ao ben común e aos valores humanos. Esa relación resultou ser moi produtiva ao longo da historia e, sen necesidade de mudar a pel malia mudaren os tempos, ségueo sendo a día de hoxe. Financiamento vía IRFP, concertos co ensino público ou exencións fiscais á marxe, a última das xogadas mestras baixo o amparo da clase política (representantes do pobo) permitiulle rexistrar ao seu nome arredor de 4.500 propiedades sen publicidade e sen pagar impostos.

Un boom inmobiliario en toda regra do que se empezou a saber hai pouco tempo pero que se foi perpetrando silenciosamente á sombra dunha reforma da Lei Hipotecaria realizada polo goberno de Aznar en 1998 que lle permitiu á Igrexa inmatricular lugares de culto e outras propiedades que non estiveran rexistradas. Como único requisito pedíase a certificación dun bispo, elevado á categoría de fedatario público en base a unha lei franquista de 1944 non derogada. Se el di que iso é da Igrexa, é da Igrexa. Palabra de deus bendita pola lei. Como non se esixía publicidade, para case todas as inmatriculacións transcorreron os dous anos de carencia durante os cales se podía recorrer a inscrición.

Pola porta traseira pero con cobertura legal, a igrexa fíxose con templos, ermidas, casas parroquiais, cemiterios e fincas de todo tipo, algunhas delas vendidas pouco despois de seren rexistradas para obter as correspondentes plusvalías. Xesús botou do templo aos fariseos que comerciaban dentro del. Democracias coma a nosa que se presumen avanzadas seguen a tolerar privatizacións encubertas do patrimonio público coma esta que dificilmente son xustificables dende o punto de vista xurídico e moral.

Así foi que, polo módico prezo de 30 euros, a Igrexa rexistrou ao seu nome bens patrimoniais da categoría da mesquita de Córdoba. De seguido activou ese proceso de deturpación cultural que vén aplicando historicamente e que consiste en facer de todo lugar ou tradición pagá un sitio de culto católico no que, se é posible, montar un negocio en forma de santuario no que corran os billetes de fieis devotos polo menos unha vez ao ano. De acordo con esta práctica, a mesquita pasou a chamarse Santa Iglesia Catedral de Córdoba. As entradas ao templo custan 8 euros por persoa. En realidade a Igrexa non cobra polo acceso, senón que pide un donativo. É por iso que a Diocese de Córdoba non está obrigada a pagar impostos por eses ingresos. Descoñécese cantos cartos recada por esta vía, ao igual que se descoñece cantas propiedades rexistrou a Igrexa ao seu nome, xa que ningún dos gobernos que houbo dende 1998 se dignou a facilitar o dato.

Tampouco deu chío a Junta de Andalucía nin o Ministerio de Cultura, malia teren investido centos de millóns de euros na conservación da Mesquita de Córdoba, cando se soubo en 2006 que dende había tres anos tan valioso monumento pertencía ao bispado. Entre todos pagamos o mantemento do patrimonio relixioso, pero o patrimonio relixioso non é de todos. Un despropósito máis que atopamos sen necesidade de ir dar tan lonxe; vémolo na práctica totalidade das 3.800 parroquias de Galicia, nas que as igrexas son "a casa de todos" cando se trata de arranxalas coas achegas económicas dos veciños de boa fe. A casa é de todos pero o propietario é un. E non Deus precisamente.

Sen saír da nosa comarca foi noticia de xornais o litixio que mantivo a veciñanza de Rivadulla, en Santiso, co Bispado de Lugo por ver quen era o verdadeiro propietario dun terreo situado a carón da igrexa parroquial. A contenda tivo consecuencias e o bispado decretou a suspensión das actividades relixiosas no templo como penitencia aos fieis ante o pecado de rebelarse. Ou me dades as terras ou quedades sen Deus. Ás veces un ten a sensación de que habería que ampliar os mandamentos a once e incluír os cartos e as propiedades no primeiro como materias que deben ser amadas por enriba de todas as cousas.

A simbiose entre Igrexa e Estado segue intacta despois de 40 anos de democracia e iso non é compatible cos principios constitucionais básicos nin cunha sociedade do século XXI. É tempo de garantir a independencia do Estado con respecto a calquera confesión relixiosa, de eliminar os privilexios fiscais e económicos da Igrexa e de asegurar unha educación laica como dereito fundamental.

Que comulgue quen queira, pero que non nos fagan comulgar con rodas de muíño.

Posta a primeira pedra..., para cando a última?

David Barrio, voceiro da Plataforma Autovía por Melide

Dende o colectivo Plataforma Autovía por Melide, que librou unha ardua batalla dende marzo de 2003 ata xuño de 2009 coa que se conseguiu a modificación do trazado que apartaba a autovía uns dez quilómetros de Melide, e que tivo que loitar contra todo tipo de obstáculos e contra todas as correntes... celebramos tamén o inicio das obras, nun céntrico restaurante melidense.

A través da reprodución dun vídeo no que se recollen os actos, entrevistas e reunións máis destacadas de todo o traballo realizado no período 2003-2009, os compoñentes da plataforma foron contando as súas vivencias.

Lembrouse a presión exercida polo entonces rexedor melidense Miguel Pampín, proclive ao trazado por A Golada, e como constituíu unha plataforma para desactivar a recente creada Plataforma autovía por Melide; ou como a actual conselleira de Medio Rural, Ánxeles Vázquez, alcaldesa que substituíu a Miguel Pampín, deu orde aos funcionarios de obras para que retirasen todas as pancartas expostas nas rúas que esixían o cambio no trazado da vía.

Por ser... ata fomos agredidos por un traballador do Concello co coche deste organismo, xa que despois de perseguir durante un bo anaco a catro membros da plataforma acabou colidindo contra o vehículo no que viaxaban os compoñentes da asociación. Este feito acabaría no Xulgado Penal de Arzúa, onde se acabou emitindo un auto de condena firme.

Foron moitos os ataques, pero quedámonos co logro acadado. E Melide, vinte anos despois de iniciarse os trámites do deseño do trazado, ten xustiza co comezo das obras.

Durante a nosa celebración concretamos tamén a realización dun libro sobre a historia desta obra, que agardamos que estea listo para o mes de setembro e que pretendemos lanzar cuns 1.000 exemplares na súa primeira entrega. Ademais, varios membros da plataforma tamén inauguraron dunha maneira simbólica o inicio do quilómetro cero Palas-Melide, amosando agora unha preocupación por cando se colocará a última pedra da autovía, unha vez posta a primeira.

JONATHAN RÍO IGLESIAS, MULTIMARCA MELICAR

“Procuramos ter un pouco de todo dentro das marcas de coches máis demandadas”

Hai xa máis de tres décadas que esta empresa familiar aterrou en Melide dedicándose á venda de coches de segunda man. Na actualidade Jonathan Río forma parte do proxecto axudando a seus pais a darlle o pulo necesario ao negocio para acadar unha mellor profesionalide dentro do sector. A incorporación da venda por Internet supuxo un dos grandes avances na súa traxectoria, revolucionando así o xeito de vender. Dos seis vehículos cos que comezaron nunha pequena tenda da avenida de Lugo, contan a día de hoxe con preto de setenta automóbiles de diferentes prezos e antigüidade.

- Hoxe en día dispón dunha ampla gama de vehículos, pero supoño que o comezo non foi tan doado. Como naceu Melicar?

- Jonathan Río (J.R.): Naceu moi pouco a pouco. Comezou meu pai traendo coches dende Barcelona a mediados dos anos oitenta e estivo así durante tres ou catro anos ata que se decidiu a comprar unha tenda na avenida de Lugo, en Melide. Iso foi no ano 1990. Alí comezou con seis ou sete coches e, vendo que o negocio evolucionaba ben, no 92 trasladámonos ao polígono onde ampliamos as instalacións e permanecemos hoxe en día. Iso sí, a tenda da avenida de Lugo aínda a mantemos.

- Que servizos ofrece Melicar?

- J.R.: Dedicámonos á venda de coches de segunda man co seu correspondente servizo de financiamento. O noso produto abrangue unha variedade de vehículos tanto para particulares como a nivel industrial e os prezos van dende os 2.500 euros ata os 20.000. En canto á antigüidade, dispoñemos dunha gama de coches que van dende os dous ata os dez anos. En resumo, procuramos ter un poco de todo dentro das marcas máis demandadas para satisfacer as peticións dos nosos compradores.

- Cal é a ferramenta que mellor funciona á hora de vender un automóbil?

- J.R.: Vemos que cambiou moito o xeito de vender. De feito, eu nunca pensei que chegarían a venderse os coches a través de Internet ou de revistas. Pero o que máis nos axudou no noso sector en concreto foi a boa publicidade e o boca a boca.

Jonathan Río con algúns dos coches que teñen na nave do polígono da Madanela

- E que opina de eventos como o Salón do automóbil de Melide?

- J.R.: Participamos este ano por primeira vez e acabamos vendendo tres vehículos. A verdade é que quedamos moi satisfeitos. Véxoo como unha grande oportunidade que funciona moi ben dentro do noso mercado. Iso sí, vendo que funciona ben sería necesario introducir certas melloras, como por exemplo darlle máis publicidade para que viñera máis xente. Con todo, de celebrarse outras edicións estaríamos encantados de repetir.

- Mencionou antes a venda por Internet. En que momento se decidiu a dar o salto á rede informática?

- J.R.: Cando nos viñemos ao polígono xa tiñamos un mercado estable. Pero cada vez íamos vendo que a xente falaba máis de Internet e que era aí onde miraban os coches. Así que un día decidínme a crear unha páxina web e probei cun único vehículo. Tal foi o éxito que ao día seguinte de poñelo en Internet xa o vendín. Así que pensei, aquí está o futuro do negocio. Ante iso comezamos a traer máis coches e a subilos a Internet.

- En toda a traxectoria de Melicar cales foron os cambios máis importantes aos que tivo que facer fronte?

- J.R.: Podería decirche moitos. Miña nai sempre lembra que ao principio foi unha loucura. Ela recorda cando chegaba o camión do transporte cos vehículos, e a metade dos coches xa estaban vendidos porque aquí non había onde compralos, non había mercado. Achegábanse veciños de todas partes, de Palas de Rei, de Arzúa, de Melide, etc. Todo era moi diferente porque non había información, non había Internet. Hoxe en día en cambio hai xente que compra un automóbil sen velo diante sequera, cousa que antes era impensable. Outro dos cambios máis radicais foi o de pasar dunha pequena tenda a unha nave industrial. Date conta de que comezamos nos anos oitenta tendo os coches expostos na rúa. Outra diferenza abismal é o transporte. Antes tiñamos que ir a buscar os coches á Coruña e viñan en tren, mentres que agora o transporte chega á porta do negocio. Xa non hai que ir a recoller un por un.

- E os clientes, cambiaron tanto tamén?

- J.R.: Case diría que agora son máis esixentes. Pero é normal porque tamén dispoñen de moita máis información e saben perfectamente o que queren.

- Que é o que máis demandan?

- J.R.: Non acostuman a pedir un tipo de coche concreto. A idea máis fixa ca que sempre veñen é a dunha marxe de prezo. Por exemplo, eles dinche “quero un coche que non pase deste prezo”, e ata aí nós ensinámoslles o que temos.

- A día de hoxe que ten máis saída, gasóleo ou gasolina?

- J.R.: Véndese máis diesel, pero tamén é certo que xa estamos comezando a vender coches de gasolina. Houbo unha época na que xa nin os traíamos, pero agora a xente tamén os demanda.

- E os coches eléctricos, teñen futuro?

- J.R.: En realidade penso que son o futuro e que a moi longo prazo tamén chegarán aquí, pero de momento é moi difícil introducilos nun pobo. Pensa que xa nunha cidade é complicado a nivel de mantemento, etc, para canto máis introducir ese mercado en vilas pequenas. Pero co tempo todo chegará, estou convencido. Máis que nada porque son o futuro da non contaminación.

- Teñen plans de expansión?

- J.R.: Nunca se pode descartar nada, pero de momento non. Estamos centrados neste sector e preferimos seguir así.

Multimarca Melicar

Tlf: 981 507 625

Polígono da Madanela

Feliz
San Roque
2017
DESCUBRE
SMART pik
EL COLCHÓN
INTELIGENTE
pikolin
Especial
Punto Roxo pikolin
hasta
50% dto.
OFERTA VÁLIDA DO 1 DE XULLO Á 30 DE SETEMBRO
MOBLES ARES
Ronda de A Coruña, 62 / Rúa Florentino López Cuevillas, 12
Teléfono: 981 50 55 64 - 15800 MELIDE (A Coruña)
ABERTO OS DOMINGOS DE 10:00 H. A 14:00 H.
VISÍTANOS EN:
www.moblesares.com
ARES RICO S.L. CIF: B 15.298.817